

*Decreto 316/2004, do 22 de decembro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da variante de Vilagarcía de Arousa. Clave: PO/01/003.01.*

Con data do 14 de decembro de 2004 o director xeral de Obras Públicas, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobou o expediente de información pública e, definitivamente, o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da variante de Vilagarcía de Arousa. Clave: PO/01/003.01.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, xa que, de acordo coa análise de accidentalidade do proxecto, se deduce que con esta nova actuación se reducirán os elevados índices de perigosidade do treito da antiga estrada C-550 a que pretende servir de variante.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de decembro de dous mil catro,

### **DISPOÑO:**

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da variante de Vilagarcía de Arousa. Clave: PO/01/003.01.

Santiago de Compostela, vinte e dous de decembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Alberto Núñez Feijoo  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Resolución do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.*

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia sinala no seu preámbulo que a orientación constitúe un proceso que inclúe toda a comunidade educativa e que abrangue toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente.

A Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional, maniféstase no mesmo sentido e declara a necesidade de que os propios centros educativos contén con profesionais da orientación que colaboren co profesorado e as familias para lograr o maior desenvolvemento do alumnado e que lle permita ter unha imaxe completa e adecuada de si mesmos e das súas posibilidades no mundo sociolaboral.

En coherencia con ese enfoque, a Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, establece no seu artigo 34 a creación dos departamentos de orientación nos centros de educación especial, así como as funcións específicas que deben desenvolver.

As particularidades dos equipos docentes destes centros, coa existencia neles dun alto número de profesorado de apoio con diferente perfil e que está directamente relacionado co proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado, fai necesario precisar algúns aspectos referidos á composición e organización dos departamentos de orientación destes centros.

En consecuencia, en virtude das disposicións derradeira primeira da Orde do 24 de xullo de 1998 e derradeira primeira da Orde do 27 de decembro de 2002, así como das competencias que ten atribuídas polo Decreto 454/2003, do 26 de decembro, esta dirección xeral

### **DISPÓN:**

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto a regulamentación da composición e organización dos departamentos de orientación dos centros de educación especial e será de aplicación en todos os centros públicos de educación especial da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2º.-Departamentos de orientación nos centros públicos de educación especial.

1. Nos centros de educación especial que contan cun departamento de orientación este desenvolverá as funcións establecidas con carácter xeral na Orde do 24 de xullo de 1998 e con carácter específico na Orde do 27 de decembro de 2002.

2. Cada centro de educación especial que non posúa departamento de orientación será adscrito pola delegación provincial correspondente, a partir dos informes pertinentes do servizo de inspección educativa, a un departamento de orientación dun centro público que imparta ensinanzas de réxime xeral ou de educación especial, que o abranguerá no seu plan de actuación.

3. As delegacións provinciais comunicaranlles aos centros afectados as novas adscricións ou os cambios nelas existentes. Cando as variacións nas adscricións sexan posteriores ao primeiro trimestre do curso escolar terán efectos a partir do inicio do curso seguinte.

Así mesmo, dentro do primeiro trimestre de cada curso as delegacións provinciais informarán a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa dos cambios realizados nas adscricións.

Artigo 3º.-Composición dos departamentos de orientación.

1. Os departamentos de orientación dos centros específicos de educación especial, estarán constituídos por:

a) O xefe do departamento, que será un funcionario que reúna as características establecidas na letra a) do artigo 4 do Decreto 120/1998.

b) Un profesor titor por cada oito unidades escolares ou fracción, designado pola dirección por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

c) Un profesor sen función titorial e que exerza funcións de apoio ao alumnado, designado pola dirección por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

d) Un profesor especialista en audición e linguaxe, designado pola dirección por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

2. Nos centros de educación especial nos que todo o profesorado titor sexa especialista de audición e linguaxe, o departamento de orientación estará formado polos membros enumerados nas epígrafes a), b) e c) do punto anterior.

Artigo 4º.-Coordinación.

1. Os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán unha reunión semanal na hora destinada para tal fin no seu horario, que será de asistencia obrigatoria e que estará dedicada ás funcións propias do departamento.

2. A dirección do centro adoptará as medidas oportunas para que dentro do horario do xefe do departa-

tamento de orientación existan tempos para a coordinación co profesorado que non pertenza a este departamento.

3. Do mesmo xeito, a dirección do centro establecerá canles de coordinación e colaboración entre o departamento de orientación e o persoal non docente do centro que atende ao alumnado.

Artigo 5º.-Orzamento.

Os centros específicos de educación especial que contan con departamento de orientación reservarán unha cantidade do seu orzamento para o funcionamento deste, tendo en conta o plan anual de orientación do centro.

#### *Disposición transitoria*

Única.-Durante o curso 2004-2005, os centros de educación especial con departamento de orientación propio e que deban modificar o seu plan anual de orientación como consecuencia desta resolución, comunicarán os cambios á Inspección Educativa no mes seguinte á entrada en vigor desta resolución.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2004.

Alberto González Armesto

Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

### **CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL**

*Decreto 317/2004, do 22 de decembro, polo que se resolve o expediente de deslinde entre os termos municipais dos concellos de Covelo e Fornelos de Montes.*

O Concello de Covelo, con data do 14 de xullo de 1997, inicia expediente de deslinde para determinar a liña límite no tramo comprendido entre os marcos 3º e 17º do seu termo municipal co do concello de Fornelos de Montes. O Concello de Fornelos de Montes remitiu a documentación á Xunta de Galicia con data do 12 de setembro de 1997 e o Concello de Covelo con data 22 de outubro de 1997.

Tramitado o expediente de acordo co procedemento establecido nas leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Instituto Xeográfico Nacional emitiu informe con data do 28 de setembro de 1998 e complementario con data do 19 de xuño de 2000, presentando alegacións ao primeiro o Concello de Fornelos de Montes.